



SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MÁSTERS)

PROCEDEMENTO

Xestión das Prácticas Académicas Externas

CÓDIGO DO-0204 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura
05/12/2024	18/12/2024	18/12/2024



Proceso

Planificación e desenvolvemento do ensino.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento PC10 «Xestión e revisión das prácticas externas integradas no plan de estudos» (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade, remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos. Modificación do título e do código: pasa a DO-0201 P1 «Xestión das prácticas académicas externas».
05	05/12/2024	Área de Calidade	Actualización do procedemento para a súa adaptación á nova normativa (RD 822/2021, RDD 640/2021 e LOSU) e ao Regulamento da Universidade de Vigo.

Índice

I OBXECTO	5
II ALCANCE.....	5
III REFERENCIAS.....	5
IV DESENVOLVEMENTO	8
V ANEXOS	11

I OBXECTO

Establecer a metodoloxía para xestionar as prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do estudantado da Universidade de Vigo, así como garantir a súa planificación e o desenvolvemento axeitado.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ás prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares realizadas na Universidade de Vigo (en dependencias ou servizos non destinados á actividade docente) ou en entidades colaboradoras, no ámbito nacional e internacional, tanto en titulacións oficiais e títulos propios da Universidade de Vigo.

Quedan excluídas deste procedemento as prácticas de campo e outras actividades prácticas de materias recollidas nos plans de estudo, aínda cando se realicen fóra dos centros, as prácticas externas realizadas no estranxeiro ao abeiro de programas de intercambio e as estadias en entidades colaboradoras para realizar traballos de fin de grao e traballos de fin de máster.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
- Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario.
- Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario.
- Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións.

Outros documentos de referencia:

- Universidade de Vigo:
 - o Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade de Vigo, aprobado en consello de goberno do 29 de abril de 2021 e modificado no consello de goberno do 22 de novembro de 2023.
 - o Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo aprobado polo Claustro Universitario o 13 de abril de 2021.
 - o Instrucións para o desenvolvemento do regulamento das prácticas académicas externas na Universidade de Vigo.
 - o Instrución sobre o nomeamento de titores de prácticas académicas externas extracurriculares
 - o Resolución reitoral, do 21 de novembro de 2023, que establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e cotización do alumnado da Uvigo que realice prácticas académicas externas.

III.2. Definicións

- **Prácticas académicas externas:** Constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polo estudantado universitario e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir ao mesmo aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento (RD 822/2021 de 28 de setembro).

- **Prácticas académicas externas curriculares:** Constitúen unhas actividades académicas integradas nun plan de estudos con carácter obrigatorio ou optativo. O tratamento destas prácticas é como o de calquera materia: disporán dunha guía docente e a súa duración ten relación directa co seu número de créditos. A xestión destas prácticas realízase polos centros docentes universitarios.
- **Prácticas académicas externas extracurriculares:** Constitúen unha serie de actividades académicas co mesmo fin que as prácticas externas curriculares pero non se inclúen no plan de estudos, teñen carácter completamente voluntario, e deberán ter unha duración mínima de 6 ECTS ou 150 horas. No caso do estudantado de grao, a superación do 50% dos créditos da titulación é un requisito para a súa realización. A xestión destas prácticas realízase pola FUVI.
- **Proxecto formativo:** Documento no que se concreta a realización de cada práctica académica externa e no que se deberán fixar os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán (RD 592/2014, do 11 de xullo).
- **Convenio de Cooperación Educativa:** Documento que establece o marco regulador das relacións entre o/a estudante, a entidade colaboradora, a Universidade de Vigo e, no seu caso, a entidade encargada da xestión das prácticas extracurriculares, na realización das prácticas externas. A Universidade de Vigo deberá subscribir este convenio coas entidades colaboradoras antes da realización das prácticas externas.
- **Reglamento propio de ordenamento das prácticas académicas externas curriculares do centro:** Documento elaborado polos centros docentes universitarios ou, de ser o caso, polas comisións académicas dos másters, validado pola Comisión de Calidade e aprobado pola xunta de centro, no que se definen as responsabilidades para aprobar os contidos do proxecto formativo, o procedemento de oferta e difusión das prácticas, o procedemento de elección e de adxudicación das prácticas e do profesorado titor académico e os procesos para a realización dos informes e da memoria final e para a avaliación e cualificación.

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- AEE: Área de Emprego e Emprendemento.
- ECTS: *European Credit Transfer System* (Crédito Europeo).
- FUVI: Fundación Universidade de Vigo.
- PDI: Persoal Docente e Investigador.

- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- SET: Suplemento Europeo ao Título.
- SGC: Sistema de garantía de calidade.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir o desenvolvemento axeitado das prácticas académicas externas de forma que:

- Contribúan á formación integral do estudantado ao completar a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- Faciliten o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o estudantado deberá operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- Favorezan o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.
- Obteñan unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura.
- Favorezan os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

IV.2. Responsable do proceso


- Coordinación de prácticas externas dos títulos do centro.

IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

B) PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES



V ANEXOS

Documentos

Non hai documentos asociados a este procedemento.

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DO-0204	Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas	Electrónico (ou PDF)	Aplicación do SGC	Coordinación de Prácticas de cada un dos títulos da FETS.	6 anos
	Listaxe de asignación do estudantado de prácticas ás entidades para a realización de prácticas externas.	PDF	Aplicación do SGC	Coordinación de Prácticas de cada un dos títulos da FETS.	6 anos
	Normativa prácticum dos títulos da FETS	PDF	Páxina Web da FETS https://fcce.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/	Coordinación de Prácticas de cada un dos títulos da FETS.	1 ano
	Estrutura da memoria dos títulos da FETS	PDF	Páxina Web da FETS https://fcce.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/	Coordinación de Prácticas de cada un dos títulos da FETS.	1 ano
	Calendario de prácticum dos títulos da FETS (Anexo XIV)	PDF	Páxina Web da FETS https://fcce.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/ Plataforma académica	Coordinación de Prácticas de cada un dos títulos da FETS.	1 ano
	Convenios (Anexo XI)	Electrónico	Enlace electrónico secretaría virtual https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convenios/public/convenio/	Área de Emprego e Emprendemento	1 ano

			Plataforma de xestión (documentos administrativos)		
	Proceso administrativo asociado a alta e baixa Anexo I. Condicións da práctica académica externa. Anexo II. Declaración responsable como entidade colaboradora no programa de prácticas académicas externas curriculares da Universidade de Vigo Anexo III. Compromiso do estudante en prácticas. Anexo VII. Solicitud de modificación das condicións das prácticas externas Anexo VIII. Solicitud de rescisión/interrupción das prácticas externas Anexo XII. Certificado de Ausencia de delitos sexuais Anexo XIII. Compromiso de confidencialidade	Electrónico secretaria virtual UVIGO	Plataforma virtual de prácticum (documentos administrativos)	Área de apoio a Prácticum ou servizo que estableza a Universidade	6 anos

	Avaliación Anexo IV. Informe do titor/a do centro educativo. Anexo V. Informe do titor/a académico/a. Anexo VI. Informe final das prácticas do/a estudante.	Electrónico secretaría virtual UVIGO	Plataforma virtual de prácticum (documentos administrativos)	Área de apoio a Prácticum ou servizo que estableza a Universidade	6 anos
	Enquisa de satisfacción cos empregadores dos títulos da FETS	Electrónico secretaría virtual UVIGO	Plataforma virtual de prácticum (documentos administrativos)	Responsables da área de apoio a Prácticum ou servizo que estableza a Universidade	Con período de
	Certificados Anexo IX. Certificado de participación como titor/a ni entidade colaboradora. Anexo X. Certificado de realización do Practicum	Electrónico	Plataforma virtual de prácticum	Área de apoio a Prácticum ou servizo que estableza a Universidade	1 ano
	Memoria de Prácticum Anexo XVI	PDF	Plataforma académica	Coordinación de Prácticas de cada un dos títulos da FETS. Titor/a do prácticum dos títulos da FETS	6 anos